

CUARTO: Que se proceda á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello de Lugo.

QUINTO: Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

SEXTO : Indícaselles que esta resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo no prazo de UN MES (artigos 112,123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

O recurso interposto entenderase desestimado por silencio administrativo, se non houbese resolución expresa no prazo de UN MES, e quedará aberta a porta do recurso contencioso-administrativo, que deberá formularse dentro do prazo de SEIS MESES dende a data da desestimación por resolución presunta (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).

No caso de interposición deste recurso, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que o de reposición sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial), no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación (art.46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas.

Lugo, 17 de novembro de 2020.- A Tenente de Alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social, Ana Mª González Abelleira.

R. 2877

MEIRA

Anuncio

O Pleno do Concello de Meira na sesión extraordinaria celebrada o día 19 de novembro do 2020 aprobou o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable deste concello co apoio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ao amparo da Orde do 5 de maio de 2020, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Considerando que se trata dun instrumento de carácter especial que recolle as acción previstas en materia de eficiencia enerxética e minimización do impacto da acción humana no medio ambiente, é polo que para un coñecemento xeral, se procede á publicación do anuncio da súa aprobación.

Meira, 19 de novembro de 2020.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2925

MONDOÑEDO

Anuncio

INICIO DE EXPEDIENTE DE SUSPENSION DA VIXENCIA DE ORDENANZA

Manuel Ángel Otero Legide, Alcalde-Presidente do Concello de Mondoñedo, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber que, con data de 31 de outubro de 2020, o Pleno do Concello adoptou o seguinte acordo:

1º.- Declarar a suspensión da ordenanza nº 27 reguladora da taxa por aparcamento no garaxe municipal da plaza de abastos, do Concello de Mondoñedo, no relativo ao cobro, para os titulares de locais comerciais no Centro Comercial Peña de Francia, en tanto ostenten esa condición.

2º. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, abrindo un prazo de información pública de un mes, a fin de que calquer persoa poida presentar as alegacións que estime convintes. No suposto de que